



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Un xuegho que había, chámanlle xuegho do portugués. Pero claro, hai moitos aniños de Dios, era eu unha moza nova. Cando íbamos ás fias; era unha moza nova. Pero había un xuegho que poñían -poñíanse unha roda así- era nunha cuadra... os xuegos ¿non sabes? nunha cuadra de vacas. E poñíanse no medio da corte, eí uns cinco ou seis mozos e mozas, así facendo roda, mozos e mozas; non: mozas solas e no medio un mozo; i outro mozo andaba darredor da moza cantando, e decíalle:

Yo vengo de Pertughal-e
soy un lindo pertughés

y en el camino me han dicho
que lindas damas tenéis.

Entonces o de dentro contestaba:

Si las tengo no las tengo
no las tengo para dar

que do pan que i-eu comer-e
tamén elas comerán

e na cama donde eu durma
tamén elas dormirán

Entonces o outro marchaba.

Pues yo me voy anojado
a los palacios de el rey

voy dar parte a mi señor
de lo que me respondéis.

Entonces empezaba outra vez o de dentro:

Vuelva usted caballero
no seia tan descortés

que de las damas que yo tengo
escoja usted en cual quisier.



E neste o outro que iba cantando arredor e decindo:

Pues yo escojo en esta*
por mi esposa y mujer

que me parece unha rosa
acabada de nacer.

E despois empezaba outra vez o mesmo, ca mesma historia, hasta que acababa cas mozas todas. E despois quedaban catro mozas, e eran cuatro columnas do castillo que el era un castillo, chamabanlle o castillo, e despois el perfhuntáballe que lle fixera ás damas, el decíalle cada cousa... cousas feas.

*E pasaba e facíanche así (pousaballe unha man en cada ombro) e tiñas que marchar detrás del cantando.